

A CADELA PERDIDA



Un día apareceu pola aldea unha cadelinha. Estaba delgada, tanto que se lle notaban os ósos. Andaba ao redor das casas buscando algo para comer, pero sempre a botaban a paos ou a pedradas. De tantos paos que levaba desconfiaba de toda a xente. Era unha cadela perdida, unha cadela que non tiña dono nin casa.

Candela era unha nena de catro anos. Non tiña irmáns. Tampouco tiña con quen xogar, porque a súa casa estaba lonxe da aldea. Seus pais eran labregos, traballaban no campo.

Unha tarde a cadelinha chegou á casa de Candela. A nena estaba merendando e deulle un anaco de pan. Despois acariñouna. Fixéronse amigas e puxéronse a brincar xuntas.

Os pais de Candela deixaron que a cadela vivira con eles. Lavárona, alimentárona e fixéronlle unha casiña pequena onda o palleiro. Mesmo lle puxeron un nome: Lúa.



LECTURA COMPRESIVA:

1- Como se chamaba a nena?

2 - Por que a cadelinha desconfiaba da xente?

3 - Onde traballaban os pais da nena?

4 - Que lle deu Candela á cadela?

